

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

### **AGADER SINALA QUE OS EFECTOS PROVOCADOS POLO CAMBIO CLIMÁTICO TERÁN MAIOR INCIDENCIA EN ZONAS DE PRODUCCIÓN AGRÍCOLAS E FORESTAIS RELEVANTES DE GALICIA**

- **Esto débese, fundamentalmente, á previsible diminución da precipitación estival que provocará unha contracción destas zonas**
- **Esta conclusión é froito do estudo realizado dentro do proxecto europeo Adaptaclima que desenvolve medidas de adaptación ao cambio climático**

**Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2011.**- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) presenta un estudo no que sinala que os efectos provocados polo cambio climático terán maior incidencia nas zonas de producións agrícolas e forestais relevantes de Galicia. O traballo busca definir en que medida se pode ver afectada a distribución xeográfica da produción de vide, pataca, millo, pradeira e eucalipto. Nesta liña, conclúese que o cambio climático pode afectar ás áreas de produción potencial da maioría destas producións debido, fundamentalmente, á previsible diminución da precipitación estival o que provocaría unha contracción das zonas aptas para os cultivos.

O traballo, que é un dos primeiros destas características realizados no eido agrario en Galicia, sinala tamén a necesidade de prestar máis atención ás estratexias de adaptación ao cambio climático a escala rexional. Estas deben ser incorporadas ao deseño de estratexias territoriais e sectoriais no ámbito público e privado.

Este estudo, no que tamén participou a USC, foi encomendado a Agader polo IGVS (Instituto Galego da Vivenda e Solo) que xunto coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, a Mancomunidade de Municipios Sosteniibles de Cantabria, NEIKER (Instituto Vasco de Investigación y Desarrollo Agrario), ADESVAL (Agencia de Desarrollo del Valle de Alagón) e a Junta de Andalucía, o CETE (Centre d'études Techniques Sud Ouest), a Chambre d'Agriculture de la Dordogne e AMAVE (Associação de Municipios do Vale do Ave) forma parte proxecto europeo Adaptaclima (Interreg-SUDOE).

O estudo toma como referencia os escenarios máis extremos do modelo predictivo Prudence, trasladando á escala galega as alteracións que se producirían en variables como temperatura media anual e precipitación anual e estacional.

### **Proxecto europeo Adaptaclima**

O proxecto europeo Adaptaclima enmárcase dentro do Programa de Cooperación Territorial Espacio Sudeste Europeo (Interreg SUDOE) e conta cun orzamento de 1.293.993,33 euros, dos que a Unión Europea financia a través do fondos FEDER o 75%.

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

O seu obxectivo principal é desenvolver medidas de adaptación da sociedade aos futuros escenarios derivados do cambio climático e contribuír a concienciar á poboación sobre as consecuencias reais do cambio climático e amortecer o impacto negativo do mesmo nos aspectos económicos e sociais.

**SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓ DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**